

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno correspondente ao día 8 de febreiro de 2023

Con data oito de febreiro do ano dous mil vinte e tres, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2023.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO

CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2023.- De conformidade coa proposta favorable

da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2023, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais promovidos por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se desenvolvan integramente na provincia de Ourense e que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no seu parágrafo segundo, a presente convocatoria intégrase no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2020-2023 (BOP núm. 41 de data 19.02.2020), concretamente na súa liña estratéxica D2 relativa ao fomento da cultura, contribuíndo ao fomento da realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención á potenciación das artes escénicas e musicais.

3. Exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte, non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, de carácter senlleiro, que poidan ser obxecto de subvención a través da convocatoria anual realizada por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais no marco do Plan Tarazana.

- A realización de actividades culturais e recreativas que poidan ser obxecto de subvención a través da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por concellos e entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense para o exercicio 2023. Para estes efectos, no caso de festivais, ciclos ou mostras de actividades escénicas e musicais que se realicen conxuntamente con outras actividades culturais e recreativas, estas últimas poderán obter subvención ao abeiro das

convocatorias realizadas pola Deputación para este tipo de actividades, solicitándoo mediante a presentación dun proxecto separado e diferenciado nas ditas convocatorias.

- As actividades promovidas pola Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e as súas entidades vinculadas ou dependentes.

- Proxección de películas ou actividades análogas, posto que non gardan relación coa definición de festival, ao non consistir nunha actividade escénica.

- Aquelas actividades cuxa finalidade principal consista nunha celebración dalgún evento ou acto similar e na que a/as actuación/s musical/ais teñan carácter accesorio ou secundario.

4. Os solicitantes poderán presentar ata un máximo de dous proxectos ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de festivais conforme á definición contida no apartado anterior.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria as persoas físicas e xurídicas promotoras de actividades subvencionables.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48901 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 60.000,00 euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 70% do custo total de cada proxecto.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 20.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que o solicitante presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme ao establecido na base 9ª determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 20.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 20.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No

suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, da seguinte maneira:

- a) As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coa administración para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos.
- b) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, están obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación, pola Base de datos Nacional de Subvencións, do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e rematará o 15 de marzo de 2023, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples. Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

- a.1) Documentación administrativa para presentar polas persoas xurídicas públicas:

- 1.- Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I** destas bases. Deberá achegarse unha solicitude para cada proxecto presentado.
- 2.- Certificado do acordo de aprobación, polo órgano competente da entidade solicitante, da solicitude de subvención para os diferentes proxectos que se presenten.
- 3.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II** destas bases.
- 4.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións públicas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, segundo o modelo **anexo III**.
- 5.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo **anexo IV**.

A presentación do documento sinalado no apartado 5 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.
- 6.- De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

a.2) Documentación administrativa para presentar polas persoas xurídicas privadas:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I** destas bases.

2.- Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

3.- Estatutos sociais da entidade.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos indicados nos apartados 2 e 3 cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

4.- Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme aos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

5.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II** destas bases.

6.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo **anexo III**.

7.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa

presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo **anexo IV**.

A presentación do documento sinalado no apartado 7 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

8.- De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

a.3) Documentación administrativa para presentar polas persoas físicas:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I A** destas bases.

2.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II A** destas bases.

3.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo **III A**.

4.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo **IV**.

A presentación do documento sinalado no apartado 4 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 10ª, respectivamente.

5.- De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración das solicitudes para presentar polas persoas físicas e xurídicas:

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade para realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva do proxecto, incluíndo os seguintes apartados:

- a.1) Descrición das actuacións que o integran, indicando detalladamente o interese, singularidade e importancia artística e cultural do proxecto.
- a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización do proxecto.
- a.3) Prazo ou data/s de execución.
- b) Orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.
- c) Se é o caso, memoria da traxectoria e interese cultural e artístico do evento en exercicios anteriores, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento do evento, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

A documentación presentada deberase axustar aos criterios de valoración establecidos na base novena desta convocatoria.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado das actuacións para as que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Quinta 4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais

e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.es
- c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento do proxecto ou programa obxecto desta convocatoria, tales como os cachés dos actantes, premios, alugamento de espazos, servizos e equipamentos técnicos, así como os gastos de viaxes, aloxamento e manutención dos participantes nas actuacións solicitadas.

A este respecto, e en relación cos gastos en manutención, advírtese que, de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento do ano 2023, se establece unha porcentaxe máxima do 20 % na xustificación; así mesmo, e no caso de bebidas alcohólicas de alta gradación, non se consideran gastos subvencionables; non obstante, esta exclusión non será de aplicación aos gastos en cervexa e viño (considerados como alimentos) sempre que o importe total non supere o 15 % do importe xustificado.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos protocolarios.
- b) Investimento ou adquisición de material ou equipos.
- c) Comidas e actividades secundarias sen finalidade cultural.
- d) Salarios e seguros sociais do persoal ao servizo do promotor.
- e) Gastos de mantemento de locais.
- f) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras.
- g) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- h) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- i) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- l) Xuros debedores de contas bancarias.

Oitava.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no **anexo V** destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2023.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base décima.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2023.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado en materia de facenda.
- Vogais:
 - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A xefa da Sección de Subvencións.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural, que actuarán como asesores da comisión.

Décima.- Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social do proxecto en función do seu contido e obxectivos, do orzamento do proxecto e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa importancia e impacto cultural polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección nacional ou internacional, o seu recoñecemento oficial como proxecto de interese artístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esfuerzo do autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado do proxecto.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 10 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 7 puntos.
- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 punto.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. O criterio sinalado no apartado b), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicarase mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos dos proxectos obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais.

3. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polas solicitudes.

A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade

poderá recibir subvención por importe superior á contía solicitada ou ao importe total do seu orzamento de gasto, e con respecto aos límites establecidos na base 4ª.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións naqueles supostos nos que a aplicación da fórmula establecida no apartado anterior sobre o total de solicitudes teña como consecuencia o outorgamento de subvencións de moi escasa contía.

Nestes casos, para aplicación da fórmula establecida no apartado 3, só se terán en conta as solicitudes cuxa puntuación iguale ou supere o límite mínimo de puntuación establecido pola comisión.

Os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 11ª.

5. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Undécima.- Resolución:

A proposta definitiva da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actuacións que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2023, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención e outras obrigas por parte do beneficiario:

1. O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada ou beneficiario, ou na específica do evento.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

2. Os beneficiarios deberánlle comunicar á Área de Cultura desta Deputación, para os efectos oportunos e con antelación suficiente, a/s data/s, lugar/es e horario/s nos que se realice algunha presentación pública do festival subvencionado.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. Os concellos e demais entidades públicas beneficiarias xustificarán a subvención concedida mediante a presentación da seguinte documentación:

A) Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto ao proxecto subvencionado:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Que a entidade local se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

- B) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.
- C) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

- Grupo I de competición nacional. Neste grupo deberán integrarse aqueles clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nun ámbito xeográfico que estende a maior parte da competición durante a temporada a toda España.
- Grupo II de competición autonómica-nacional mixto. Os clubs que participan, co seu equipo de categoría absoluta, nunha competición compartida entre a Comunidade Autónoma e o resto do Estado.
- Grupo III de competición autonómica. Os que disputen a súa competición maioritariamente no marco da Comunidade Autónoma (absoluta/base).
- Grupo IV de competición provincial. Neste grupo integraranse as entidades deportivas que disputen competicións puntuais a nivel autonómico e/ou competicións regulares a nivel provincial (absoluto/base).

Para os efectos da correcta interpretación da clasificación precedente, a Comisión de Valoración deberá ter en conta, ademais do indicado, as seguintes consideracións:

- No momento de integrar a un club en calquera dos catro grupos indicados, deberá ter especial estimación o reflectido no anexo VI “gastos por “quilometraxes” por constituír un dos principais indicadores obxectivos do ámbito territorial dunha entidade deportiva.

- Outro dos parámetros que definen o indicado ámbito será a rigorosa análise da globalidade do calendario de competición. A participación illada dun equipo ou compoñentes dun club, nunha determinada competición, non deberá garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado.

Undécima.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión

da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicidade da concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2023, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web do club deportivo.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos, así como a indicación das datas da temporada, segundo modelo **anexo X**.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do

documento, o seu importe, data de emisión, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago, segundo modelo **anexo XI**.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia, segundo modelo **anexo XII**.

A relación de gastos e ingresos deberá referirse ao gasto e ingreso total efectuado pola entidade beneficiaria durante o período subvencionable.

D) Xustificación do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en prohibición de obter subvencións, nos seguintes termos:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo XIII** destas bases.
- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago de ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, no seu caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.
- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.
- No caso de desprazamento colectivo do club con medios propios, ademais do sinalado no parágrafo onde se indican os supostos de non existir obriga legal de emitir factura, deberá

presentarse unha certificación do secretario do club, co visto e prace do presidente, acreditativa do gasto realizado, con indicación da data e lugar de desprazamento; esta certificación non exime da obriga da presentación dos correspondentes documentos xustificativos do gasto.

- No caso de gastos de persoal, as nóminas, xunto co seu pago, deberán acompañarse dos documentos de cotización ante a Seguridade Social (recibo de liquidación de cotización e relación nominal dos traballadores), e o pago correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e o modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención.

Non serán válidos os gastos de nóminas, se non veñen acompañados de todos os documentos anteriormente indicados.

- No resto dos supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

Ademais, nos desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, gastos de viaxes, parking, comidas, etcétera, que non se xustifiquen como axudas de custo, xustificados mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se acompaña o correspondente documento de gasto (ticket, albarán...)

Non serán válidos os gastos de desprazamentos tanto individual como colectivo, de non figurar tódolos datos nos documentos xustificativos do gasto.

En consecuencia, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o **modelo XIV** e achegar a documentación que proceda.

2. A conta xustificativa presentárase conformada polo presidente da entidade.
3. A acreditación de gastos deberá ser por unha contía igual ou superior a da subvención concedida; de non ser así, procederase á correspondente redución.
4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.
5. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes.
6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de auditoría e control financeiro.
7. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións aos clubs deportivos de Ourense para o ano 2023. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.
8. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia

declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

9. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

10. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

11. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 31 de outubro de 2023. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

12. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado.

Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico
- d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria

prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

13. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se concederan a través de procedementos de concorrência competitiva e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- Reintegro e perda do dereito á subvención:

A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención

poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo oitava.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO TERMALISMO SAUDABLE, CULTURA TERMAL E DO PROGRAMA TERMAL CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA, NA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2023.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do Termalismo Saudable, Cultura Termal e do Programa Termal contra

a Soidade Non Desexada, na provincia de Ourense, correspondente ao exercicio 2023, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto e beneficiarios.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do lecer saudable nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrência non competitiva, a través do procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Segunda. Relación dos programas de estancias e tratamentos subvencionados. Períodos de realización das estancias.

A través do procedemento regulado nas presentes bases a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións para os seguintes programas:

- 1. Programa de Termalismo Saudable:** este programa abarca dúas modalidades, A (estancias balnearias, con ou sen servizo de transporte en tren) e B (tratamentos terapéuticos sen estancia) co contido que se describe no apartado seguinte.
- 2. Programa de Cultura Termal.** Implica estancias balnearias durante unha fin de semana con entrada o sábado e saída o domingo.
- 3. Programa Termal contra a Soidade Non Desexada.** Este Programa implica o acceso a unha terapia termal colectiva que será definida polo establecemento balneario que a desenvolva segundo criterios sanitarios en atención as persoas participantes, e que se desenvolverá, en grupos de como máximo 20 persoas, cunha duración mínima de 6 meses e máxima de 9 meses segundo o que propoña cada balneario.

Para o acceso a esta programa estableceranse dúas vías posibles:

a. Convenio coas entidades locais municipais. Os concellos/mancomunidades poderán solicitar o acceso a un dos Programas dentro dos que propoña cada balnearios participante. A selección das persoas participantes en cada programa , máximo de 20 persoas, será realizada polo servizos sociais municipais e baixo os criterios que este teñan para identificar as situacións de “soidade non desexada”.

b. Teleasistencia Provincial.- As persoas usuarias que cumpran os parámetros de “situación

de soidade nos desexada” deste servizo da Deputación de Ourense poderán acceder a estes Programas dos que serán informados telefonicamente e, caso de ser do seu interese, terán un/unha “asistente telefónico” que xestionará a súa participación.

A realización das estancias ou recepción dos tratamentos subvencionados a través destes programas terá lugar entre o día seguinte ao da publicación destas bases e ata o 30 de novembro de 2023 nas datas elixidas polos solicitantes nos períodos ofertados para cada programa.

Os períodos de realización das estancias no Programa de Termalismo Saudable iniciaranse o luns, día de chegada, e ata o sábado, día da saída.

Os períodos de realización das estancias no Programa de Cultura Termal iniciaranse o sábado, día de chegada, ata o domingo día de saída no Programa de Cultura Termal.

Os períodos de tratamentos vinculados ao Programa de Soidade Non Desexada desenvolveranse segundo o calendario ofertado polo balneario elixido y co que se subscriba o convenio

Terceira. Descrición do Programa de Termalismo Saudable.

A. Estancias

A.1 Estancias balnearias: nesta liña A.1 subvenciónanse estancias das persoas beneficiarias nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noites) de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base cuarta, apartado 3) pensión completa (incluíndo nesta pensión completa a bebida), 10 técnicas balnearias, posibilidade de revisión médica dos beneficiarios, (sempre que o demanden) e programa de animación social. Os Balnearios poderán establecer quendas de estancia con Servizos de traslado ida e volta (luns e sábado) desde os puntos de partida ata os Balnearios. A xestión e posta ao dispor dos billetes e realización dos Servizos será responsabilidade dos Balnearios.

A.2 Estancias Balnearias + Tren: estas subvencións financiarán as estancias balnearias conforme ao previsto no apartado A.1, e ademais os beneficiarios da subvención poderán adquirir os billetes de tren (ida e volta), desde algunha das “estacións termais” que participan neste programa e que se refiren no convenio subscrito entre Deputación de Ourense e RENFE ata a estación de Ourense. Os balnearios proporcionan servizos de traslado (ida e volta) dende a estación de Ourense ata os balnearios seleccionados e roteiros culturais.

A xestión da adquisición e posta ao dispor dos billetes de tren, así como os traslados entre a

estación e os balnearios e os roteiros culturais que se propoñan en cada unha das semanas serán responsabilidade do balneario no que o solicitante desexe gozar do programa e non implican ningún gasto de xestión. O custo do billete, que será aboado polo beneficiario, incluírá a tarifa prevista por RENFE para este programa e o importe aboado polo beneficiario en concepto de traslados e roteiros culturais (estación de tren de Ourense/balneario/estación de tren, roteiros culturais) establecido polo balneario para este servizo.

B. Tratamentos terapéuticos (sen estancia).

Os tratamentos terapéuticos sen estancia (reumatolóxico e respiratorio) inclúen, en todos os casos, consulta médica á chegada do beneficiario ao balneario.

Os tratamentos terapéuticos ofertados neste Programa poderán ser de:

- 35 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días.
- 20 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días.
- 10 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 10 días.

O prazo máximo no que se poderán recibir as técnicas balnearias compútase dende o primeiro día en que se comezan a recibir as técnicas.

Cuarta: Descrición do Programa de Cultura Termal:

A.1 Estancias Cultura Termal :Estas subvencións financiarán estancias de fin de semana dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense, de 2 días de duración (1 noite) de sábado a domingo, incluíndo pensión completa, 2 técnicas balnearias para as persoas adultas e, no caso de vir acompañadas por menores de 12 anos, estancia para os/as menores (non poderán ser máis dun neno/a por programa).

No caso de que a persoa solicitante (maior de 18 anos) veña acompañada dun/a menor, este non poderá realizar tratamentos balnearios en ningún caso.

A.2 Estancias Cultura Termal + Tren: estas subvencións financiarán as estancias balnearias de fin de semana de acordo o exposto no apartado anterior (A.1) referente o programa de Cultura Termal, e ademais os beneficiarios da subvención poderán adquirir os billetes de tren (ida e volta), desde algunha das “estacións termais” que participan neste programa e que se refiren no convenio subscrito entre Deputación de Ourense e RENFE ata a estación de Ourense. Os balnearios proporcionan servizos de traslado (ida e volta) dende a estación de Ourense ata os balnearios seleccionados e roteiros culturais.

A xestión da adquisición e posta ao dispor dos billetes de tren, así como os traslados entre a estación e os balnearios e os roteiros culturais que se propoñan en cada unha das semanas

serán responsabilidade do balneario no que o solicitante desexe gozar do programa e non implican ningún gasto de xestión. O custo do billete, que será aboado polo beneficiario, incluírá a tarifa prevista por RENFE para este programa e o importe aboado polo beneficiario en concepto de traslados e roteiros culturais (estación de tren de Ourense/balneario/estación de tren, roteiros culturais) establecido polo balneario para este servizo.

Quinta: Descrición do Programa Termal contra a Soidade Non Desexada. Esta subvención financiará tratamentos termais colectivos segundo a proposta dos balnearios ofertantes e que terán unha duración mínima de 6 meses de duración e máxima de 9 meses duración, durante os que recibirán un tratamento semanal.

O acceso a estes programas será por dúas vías:

- a) Convenio coa entidade local de residencia da persoa interesada. As entidades locais que poderán asinar este convenio son as da provincia de Ourense
- b) Acceso como usuario/a de Teleasistencia Provincial Domiciliaria

Sexta.- Réxime xeral dos servizos obxecto de subvención.

1. As subvencións reguladas na presente convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos balnearios sinalados nas presentes bases, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional e non previsto nestas bases para cada programa descrito que poida ser prestado polos establecementos aos beneficiarios.

En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos/as afectados/as sen que se poida impoñer ás persoas beneficiarias a súa recepción.

2. Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario serán prestados polos establecementos ás persoas usuarias con carácter de servizos persoais, prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre persoas beneficiarias e os establecementos.

Sétima.- Establecementos balnearios incluídos nos programas subvencionados.

1. Os establecementos balnearios onde se poderán realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

Balneario-Hotel Baños de Molgas.

Gran Balneario do Carballiño.

Balneario Arnoia Caldaria.

Balneario Laias Caldaria

Balneario Lobios Caldaria.

Balneario de Cortegada.

Balneario de Caldas de Partovia.

2. Sen prexuízo do anterior, ao longo do exercicio 2023 poderán incorporarse outros establecementos balnearios da provincia de Ourense que ofrezan condicións semellantes ás definidas nas presentes bases e o soliciten de forma expresa. A inclusión de novos establecementos durante a vixencia do programa de subvencións regulada nas presentes bases farase pública oportunamente a través da sede electrónica da Deputación Provincial.

Os establecementos balnearios incluídos no programa terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao amparo do establecido no artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións, concretándose os seus dereitos e deberes mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nas presentes bases. Entre outros aspectos, o convenio regulará os deberes de xustificación das subvencións polos establecementos e o deber de darlle publicidade á participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados.

3. O tipo de tratamento ofertado dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.
4. Os prezos finais para persoas usuarias dos servizos de cada establecemento, logo da aplicación das subvencións previstas nestas bases, figuran na dirección electrónica <https://www.termalismourense.com/>.
5. A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados estará dispoñible para consulta das persoas interesadas, durante o prazo de formulación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <https://www.termalismourense.com/>.

Oitava. Beneficiarios das subvencións.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se esixen para cada un dos programas, segundo se expresa a continuación:

Programa Tipo 1. Programa de Termalismo Saudable:

- a) Ter cumpridos ou cumprir no ano 2023, cincuenta anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria/ou da subvención, como acompañante, calquera persoa maior de idade que desexe aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos acompañando a unha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b) e c) anteriores. Neste caso a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun/a solicitante que cumpra devanditos requisitos, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude.

Programa Tipo 2. Programa de Cultura Termal:

- a) Ter cumpridos o solicitante, cando menos, 18 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria/o da subvención unha persoa acompañante da persoa solicitante. Nos balnearios que oferten o programa con nenos/as menores de doce anos, poderase engadir un/a acompañante máis menor de doce anos.

A persoa beneficiaria principal e os/as acompañantes aloxaranse na mesma habitación.

Os/as menores de idade non recibirán tratamentos balnearios en ningún caso.

2. A participación das/os acompañantes terá que ser pedida de forma conxunta coa da persoa solicitante, realizándose de forma simultánea, na mesma solicitude. No caso de que o/a titular da solicitude renuncie ou cause baixa, automaticamente o dereito do/a acompañante decae, tendo neste caso que realizar unha nova solicitude se cumpren os requisitos de idade que se establece para cada programa.
3. As persoas interesadas poderán acceder á condición de beneficiario/a solicitando as subvencións individualmente (ben sexa no seu propio nome ou mediante representante) da maneira descrita na base duodécima.
4. As/os interesadas/os unicamente poderán solicitar a concesión da subvención para un dos dous programas previstos na base segunda e descritos nas bases terceira e cuarta. Ademais, dentro do programa de Termalismo Saudable só se poderá solicitar unha das súas modalidades. En consecuencia, non se admitirá a formulación de solicitudes para

máis dunha modalidade ou programa.

Programa Tipo 3. Programa Termal contra a Soidade Non Desexada

- a) Ter cumpridos a persoa solicitante, cando menos, 50 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.
- d) Ser beneficiario/a dun Convenio Termal contra a Soidade Non Desexada asinado polo Concello da provincia de Ourense onde resida ou Ser usuario/a da Teleasistencia Provincial Domicilia e ter sido proposto/a para acceder a este Programa

Novena. Disponibilidades orzamentarias. O orzamento previsto para os programas regulados nestas bases é de 105.000,00 € con cargo á partida orzamentaria: 31331 / 20700 dos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2023.

Décima.-. Contía das subvencións e prezos dos servizos.

- 1. As subvencións terán os importes seguintes:

- a) Programa de Termalismo Saudable: Estancias:

60 euros por praza no Programa de Termalismo Saudable, modalidades A.1 e A.2, se o/a solicitante está empadroado/a en algún municipio da provincia de Ourense.

12 euros por praza na modalidade de Programa de Termalismo Saudable, A.1, A.2, se o/a solicitante non está empadroado/a en algún municipio da provincia.

- b) Programa de Termalismo Saudable: Tratamentos Terapéuticos sen Estancia:

84 euros por praza, cando o tratamento terapéutico sen estancia sexa de 35 técnicas ao longo de 15 días.

48 euros por praza, cando se trate de tratamento terapéutico sen estancia de 20 técnicas termais, ao longo de 15 días.

24 euros por praza, cando se trate dun tratamento de 10 técnicas termais, ao longo de 10 días.

- c) Programa de Cultura Termal:

12 euros por cada praza de maiores de idade.

20 euros por cada praza de maiores de idade naqueles casos no que se participe no programa dentro dun convenio subscrito cunha entidade adherida na modalidade terapéutica.

A estancia dun/unha menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, unha subvención de **12 euros**, polo que, sendo o prezo do establecemento de 12 euros, estas prazas non terán custo efectivo para o beneficiario.

2. As subvencións recollidas no apartado anterior aplícanse sobre os prezos dos servizos ofertados polos establecementos para as persoas beneficiarias dos programas, determinado nos prezos finais soportados polos usuarios, que figuran na páxina web indicada.

d) Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada:

75 euros por praza e persoa solicitante.

Os prezos sinalados na páxina web indicada son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modifícase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase na persoa beneficiaria, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

3. A subvención da Deputación librarase directamente aos establecementos termais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación da xustificación conforme co establecido no convenio de colaboración cos establecementos balnearios.

Undécima.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte das persoas beneficiarias.

1. Os/As beneficiarios/as abonarán o prezo das prazas da forma seguinte:
 - a) Previamente á formalización da solicitude de subvención e á súa presentación no Rexistro Xeral da Deputación, o/a interesado/a deberá autorizar ao establecemento balneario da súa elección para efectuar, con cargo a unha tarxeta de crédito, a realización dunha retención en garantía do pago da estancia ou tratamento.
 - b) No programa de Termalismo Saudable (Estancias Balnearias), modalidades A.1, A.2 e A.3, a retención en garantía do pago poderá ser do 100% do prezo total ou dunha cuantía inferior, a elección da persoa solicitante. No caso de que a persoa solicitante desexa que se realice unha retención inferior en garantía de pago, será das contías seguintes:
 - A1: 50 € en concepto de reserva de praza.
 - A2: 100 € / 50 € segundo o programa de estancias + tren incorpore traxectos de longo percorrido ou non.
 - A3: Sen tren, 50 €. No caso de incorporar tren a contía será de 100 € ou de 50 €

segundo trátase de traxectos de longo percorrido ou non.

- Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada: 75 €

Para os efectos destes programas son traxectos de longo percorrido en tren aqueles que se realizan en dúas paradas, unha delas en tren de alta velocidade.

- c) No Programa de Cultura Termal e Programas de Tratamentos Balnearios sen estancia a única opción será a retención do 100% do prezo do programa pedido polo solicitante.
2. A cantidade pendente para completar o pago total da praza, no seu caso, aboarase directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente. No caso do Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada realizarán o aboamento de cada sesión semanalmente, logo de recibir o tratamento previsto no Programa.
3. No caso de que o/a solicitante decida renunciar á praza adxudicada poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía, que verá reflectida na súa tarxeta de crédito. Para que poida ser efectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 15 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado. A renuncia tramitarase telemáticamente a través da plataforma informática. Logo de comezar a recibir o Programa Termal Contra a Soidade Non Desexada non poderá solicitarse devolución algunha.

No caso de que a renuncia implique unha modificación de datas para a realización do programa, só se permitirá unha única modificación de datas. De producirse unha segunda renuncia a este período alternativo non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva.

4. Os/as usuarios/as poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán abonados exclusivamente polo usuario que os solicite.

Duodécima. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases na Base de datos Nacional de Subvencións, e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, sempre dentro dos períodos ofertados durante o exercicio 2023.

1. As solicitudes deberanse realizar telemáticamente, a través da dirección electrónica <https://www.termalismoureense.com/>., rexistrándose as mesmas ante o Rexistro Electrónico Xeneral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos

para a formulación das solicitudes terá carácter obrigatorio, ao amparo do previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 7.2 da vixentes Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 296, de data 28.12.2009), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade de medios tecnolóxicos precisos conforme ao establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme ao previsto nesta base.

A solicitude, unha vez cubertas na plataforma electrónica, presentaranse ante o Rexistro da Deputación de Ourense a través dos medios seguintes:

1) Con Certificado electrónico.

2) Sen certificado electrónico.

2.1.- En liña

2.2.- Presencialmente

1. Con certificado electrónico. Admitirase a presentación a través de calquera dos medios válidos habilitados por esta Deputación.

2. Sen certificado electrónico

Neste caso as persoas interesadas poderán presentalas de dúas formas:

1.- Directamente.- cubrirán a súa solicitude a través da plataforma informática , unha vez cuberta, poderán imprimila e levala ante calquera das oficina de Correos de España e pedir que envíen o orixinal polo SISTEMA ORVE ao rexistro da Deputación de Ourense, ou ante calquera dos outros rexistros válidos recolleitos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A persoa interesada terá 7 días naturais desde que cubra a solicitude a través da plataforma: [http: termalismoureense.com](http://termalismoureense.com) para dirixirse a Correos ou ante calquera outro dos rexistros válidos e remitir a súa solicitude á Deputación de Ourense. Durante este prazo de 7 días naturais, a(s) praza(s) solicitada estará bloqueada ao seu favor; concluídos estes 7 días naturais sen que conste a entrada da súa solicitude por rexistro, a praza desbloquearase e quedará dispoñible. Neste caso, liberarase a retención da garantía e a persoa solicitante verao reflectido na súa tarxeta de crédito.

2.- A través dunha entidade colaboradora.- Son entidades colaboradoras os establecementos balnearios recollidos na base sétima.

A estas entidades poderán dirixirse as persoas solicitantes do Programa, completar o formulario de solicitude e facer o depósito correspondente segundo o recollido na base décimo primeira. Dende este momento entenderase preadxudicada esta(s) praza(s). Será no momento en que o solicitante chegue ao balnearios para desfrutar do servizo, cando cumprimente a favor da entidade colaboradora o documento normalizado no que lle outorga a representación e que lle permitirá oficializar a presentación de solicitudes e acceder á subvención á que teñan dereito.

Será a entidade colaboradora á que presentes esta solicitude conxuntamente coa copia dixitalizada da representación ante calquera rexistro válido para iso en cumprimento do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de maneira tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que dita deficiencia sexa emendada.

Non será necesario achegar ningunha documentación coa solicitude, xa que a Deputación procederá, de oficio, á comprobación dos datos do interesado necesarios para resolver o procedemento, mediante consulta nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas e acordo co establecido no artigo 28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo os datos obxecto de consulta os seguintes:

- 1) A identidade e data de nacemento da persoa física solicitante, a través do seu DNI ou NIE.
- 2) O municipio de empadramento do solicitante.

Non obstante o anterior, o interesado deberá achegar coa solicitude a documentación que se indica nos seguintes casos:

- 1) No suposto de persoas estranxeiras non residentes en España, deberán presentar copia electrónica auténtica do seu pasaporte.
- 2) No suposto no que o solicitante non autorice á Deputación para a consulta dos seus datos, deberá achegarse copia electrónica auténtica do seu DNI ou NIE e do seu certificado de empadramento.
- 3) No suposto en que non sexa tecnicamente posible que a Deputación efectúe a consulta

dos seus datos, a Deputación poderá requirir ao interesado para que achegue a documentación necesaria.

3. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Décimo terceira.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) Os datos do delegado de protección son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a xestión das correspondentes solicitudes. Ademais, e en cumprimento

do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial <https://www.depourense.gal/>

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, aos balnearios, entidades colaboradoras, para que poida tramitar as solicitudes de estancias e/ou tratamentos correspondentes e dar cumprimento así o obxectivo último deste programa.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal

de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décimo cuarta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións.

A área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas a través

do rexistro, concedéndose as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adxudicaranse, seguindo a orde de prelación establecido pola data e hora de presentación ante o rexistro da solicitude beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de maneira permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01 horas do venres anterior ao da valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como “conforme con subvención Deputación”, ou “excluída”, en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada Programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión trimestralmente, como máximo, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

A listaxe non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao amparo do establecido no artigo 45.2.b) da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, advertirase mediante correo electrónico ou sms aos interesados que fagan constar a súa dirección de correo electrónico ou teléfono móbil na súa solicitude.

En todo caso, os interesados poderán dirixirse en todo momento á Área de Benestar da Deputación Provincial que facilitará a información precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Décimo quinta.- Normativa de aplicación.

No non disposto nas presentes bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

No caso de particulares, pódese interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado

Provincial do Contencioso- Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

No caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

2º.- Aprobar a convocatoria das referidas bases e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación..

5.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KARATE PARA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE KARATE CORRESPONDENTE AO ANO 2023.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Federación Española de Karate, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: organización do Campionato de España de Karate, correspondente ao ano 2023.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, segundo os modelos C1, C2 e C3, relativos á declaración de axudas, memoria de actuación e memoria económica, respectivamente, e dispoñibles na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-sbvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por importe de 61.200,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir

o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de abril de 2023.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO LICEO RECREO ORENSANO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO 2023.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Liceo Recreo Orensano, nos seguintes termos:

-Importe: 26.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2023.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, segundo os modelos C1, C2 e C3, relativos á declaración de axudas, memoria

de actuación e memoria económica, respectivamente, e dispoñibles na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por importe da subvención concedida (26.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán

na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2023.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN DE LIBREROS DE GALICIA PARA FEIRAS DO LIBRO CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2023.- A Xunta de

Goberno decidiu, por unanimidade, deixar este punto da orde do día para o seu posterior estudo e incluílo nunha próxima sesión.

8.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CENTRO COMERCIAL ABERTO O BARCO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E PROXECTOS CORRESPONDENTES AO ANO 2023.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Centro Comercial Aberto O Barco, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento e proxectos, correspondentes ao ano 2023.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, segundo os modelos C1, C2 e C3, relativos á declaración de axudas, memoria de actuación e memoria económica, respectivamente, e dispoñibles na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por importe do proxecto presentado (16.551,25 euros IVE incluído). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2023.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DOS DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DA COMARCA DE VERÍN PARA GASTOS DE GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO 2023.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación para a Protección dos Discapacitados Psíquicos da Comarca de Verín, nos seguintes termos:

-Importe: 21.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2023.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, segundo os modelos C1, C2 e C3, relativos á declaración de axudas, memoria de actuación e memoria económica, respectivamente, e dispoñibles na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por importe da subvención concedida (21.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo

máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2023.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10.- 2023 SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES AO ANO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación Curros Enríquez, nos seguintes termos:

-Importe: 26.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2023.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, segundo os modelos C1, C2 e C3, relativos á declaración de axudas, memoria de actuación e memoria económica, respectivamente, e dispoñibles na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>, todo isto de conformidade co

que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por importe da subvención concedida (26.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
